

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

Expediente	2025022967
Asunto	Subvencións para financiar bens e servizos en campionatos ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra no ano 2025
Trámite	Resolución Presidencial

A Vicepresidenta Segunda, en virtude das competencias delegadas por Resolución Presidencial nº 2025001785, de 13 de marzo de 2025, dita a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ANTECEDENTES

Primeiro. A Xunta de Goberno da Deputación Provincial aprobou, na súa sesión ordinaria do 28 de febreiro de 2025, as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a financiar bens e servizos en campionatos ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra no ano 2025

Segundo. Ditas bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), nº 46, do 10 de marzo de 2025.

Terceiro. As bases reguladoras establecen que a concesión das subvencións será resolta de forma individualizada pola Deputada da área de Deportes, en virtude da delegación de competencias realizada pola Presidencia (base 16.1.c) de execución do orzamento), formalizada mediante a Resolución Presidencial RP2025001785.

Cuarto. Presentada solicitude pola FEDERACION GALEGA DE BALONMÁN con NIF: G36690832 solicitando subvención ao abeiro da liña 2 (servizos subvencionables), para a "*Final 4 Cadete Masculina*" consistente no streaming para dita proba, cun custo total de 3.025,00 €, dos cales solicita o financiamento de 1.000,00 € e informado polo servizo de Deportes coma servizo instrutor de que a solicitude cumpre co obxecto e os requisitos establecidos nas bases reguladoras e a entidade declara estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), a Facenda galega, a Seguridade Social e a Deputación de Pontevedra.

Quinto. Informadas favorablemente pola Intervención o 09 de xullo de 2025, indicando que existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto e emite RC Nº. 12025000128391 polo importe de 1.000,00 €.



Á vista dos antecedentes expostos, **RESOLVO**

Primeiro. Autorizar o gasto polo importe de 1.000,00 euros con número de RC 12025000128392 con cargo á aplicación 25/340.3410.489.01 do vixente Orzamento Provincial.

Segundo. Conceder a subvención para financiar bens e servizos en campionatos ou eventos deportivos na provincia de Pontevedra no ano 2025 á FEDERACION GALEGA DE BALONMÁN con NIF: G36690832 do streaming para a “*Final 4 Cadete Masculina*” por un importe 1.000,00 €. Para o pago da subvención, as entidades beneficiarias deberán xustificar o cumprimento da finalidade para a que se lles concedeu a subvención, presentando antes do 31 de xaneiro de 2026 a seguinte documentación:

- Factura con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, polo importe dos bens ou servizos da concesión.
- Xustificante do pagamento.
- Documento no que se xustifiquen a publicidade e a difusión da subvención. No caso dos bens, deberá incluírse o logotipo da Deputación e, no dos servizos, a publicidade levada a cabo acreditarase por calquera outro medio (publicación en redes sociais, pancartas...).

Dita documentación presentarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo normalizado de achega de documentación xustificativa dispoñible na sede electrónica Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal/web/>).

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa recepción (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da mesma (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa). Todo iso sen prexuízo da posibilidade de utilizar calquera outro recurso que estime procedente.

